



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 3 DE
DECEMBRO DO 2009**

LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA CONVOCATORIA: PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO PSdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ

Alcalde-Presidente

D. MANUEL OTERO ESPÍÑO

Segundo Tenente de Alcalde

D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO

Concelleiro

DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

Concelleira

DNA. IRENE AGUIAR LALE

Concelleira

DNA. ANA ASOREY BREA

Concelleira

DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS

Concelleira

D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ

Concelleiro

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES

GRUPO P.P.

D. JOSÉ ANTONIO MACEIRA BESTEIRO

Concelleiro do PP

DNA. GISÉLE MAÏSSA RODRIGO

Concelleira

DNA. CRISTINA GOLDAR SOTO

Concelleira

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS

Concelleiro

D. JOSÉ ANTONIO GARCÍA VILLAR

Concelleiro

D. JOSÉ VICENTE VICENTE

Concelleiro

DNA. LOURDES LOUREIRO MÉNDEZ

Concelleira

GRUPO B.N.G.

DNA. RAQUEL LÓPEZ DOCE

Primeira Tenente de Alcalde
DNA. ISABEL RUIZ FERRO
Concelleira
D. XOÁN CARLOS CASTRO BLANCO
Concelleiro.

CONCELLEIROS NON ADSCRITOS

D. JOSÉ MANUEL REBOREDO BAÑOS
Concelleiro
D. JUAN ANTONIO TORRES ÁLVAREZ
Concelleiro

SECRETARIO

D. JOSÉ NAVEIRA GONZÁLEZ

Na Casa do Concello, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día tres de decembro de dous mil nove, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José A. Dono López, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto o Secretario.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA.-

1º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN CELEBRADA O 5 DE NOVEMBRO DE 2009.
2º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, RELATIVO A DIVERSAS CUESTIÓNS TRALO ABANDONO DO GRUPO MUNICIPAL CIDEGA POLOS SEUS DOUS ÚNICOS MEMBROS.
3º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE ORGANIZACIÓN, RELATIVO Á DATA DE CELEBRACIÓN DAS SEGUINTE DÚAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO DA CORPORACIÓN
4º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, RELATIVO AO APOIO MUNICIPAL AO PROXECTO TUTELADO POLA ASOCIACIÓN CULTURAL: CAMIÑO XACOBEO MIÑOTO RIBEIRO.
5º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, RELATIVO A COLOCACIÓN NO SALÓN DE PLENOS DE PLACA CONMEMORATIVA DA CORPORACIÓN DEMOCRÁTICA DO 1936.

B) PARTE DE CONTROL E XESTIÓN.-

6º.-	DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO MES DE OUTUBRO DE 2009.
7º.-	ROGOS E PREGUNTAS

A) PARTE RESOLUTORIA.-

1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN CELEBRADA O 5 DE NOVIEMBRE DE 2009. Conformes todos os Concelleiros coa redacción da acta, así como co seu contido, apróbase por unanimidade a acta da sesión do cinco de novembro de 2009. Ordénase polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

2º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, RELATIVO A DIVERSAS CUESTIÓNS TRALO ABANDONO DO GRUPO MUNICIPAL CIDEGA POLOS SEUS DOUS ÚNICOS MEMBROS. O Concello Pleno, examinada a proposta realizada pola Alcaldía, e ditaminada pola Comisión de Organización, adoptou o seguinte acordo, respecto da situación plantexada na Corporación trala extinción do grupo municipal CIDEGA tralo abandono dos seus dous únicos membros:

-Visto o Acordo plenario de 1 de outubro de 2009 no que:

---se declaraba que o grupo municipal CIDEGA deixou de existir o 3 de setembro de 2009, día no que estaba datado e no que foi presentado ante o Pleno da Corporación, escrito asinado polos Sres. Concelleiros D. José Manuel Reboredo Baños e D. Juan Antonio Torres Álvarez, comunicando que causaban baixa no grupo municipal de Cidadáns de Galicia.

---se sinalaba que, a partires de entón, os Sres. Concelleiros D. José Manuel Reboredo Baños e D. Juan Antonio Torres Álvarez, cada un deles, teñen a consideración de Concelleiros non adscritos.

-Visto o establecido no artigo 73.3 da Lei 7/1985, e demais normativa de aplicación.

-Visto o sinalado na STC 169/2009 de 9 de xullo, e demais xurisprudencia relevante.

-Vistos os Informes de Secretaría de 17 de setembro de 2009 e 20 de novembro de 2009

ACORDAMOS:

-Aprobar o seguinte réxime para os Concelleiros non adscritos:

---1º.-Os Sres. Concelleiros non adscritos, cada un deles, pasarán a ser membros de todas as Comisións Informativas, cos mesmos dereitos, incluídos os económicos, que o resto de integrantes das mesmas. Non obstante, o voto de cada un deles computará 0,5, mentres que o voto do resto dos membros das Comisións continuará a computar 1.

---2º.-Os Sres. Concelleiros non adscritos terán dereito a asistir, con voz e voto, ós Plenos da Corporación. Na parte resolutoria da sesión terán dereito a

presentar mocións, e a facer uso da palabra nunha soa quenda e cun límite de 6 minutos, en relación con cada asunto que figurara na orde do día ou cuxa inclusión se tivera ratificada polo Pleno.

---3º.-Os Sres. Concelleiros non adscritos non terán dereito a asistir ás Xuntas de Voceiros dos grupos municipais.

---4º.-Cesarán os membros dos órganos colexiados (Consello Económico e Social, Fundación Cultural da Estrada e Consellos Escolares) designados polo grupo municipal CIDEGA.

---5º.-Os Sres. Reboredo Baños e Torres Álvarez, como antigos únicos membros do grupo político municipal CIDEGA, haberán de devolver a subvención anual asignada ó grupo municipal CIDEGA para o ano 2009, na parte proporcional correspondente a partires do 3 de setembro de 2009, data na que o grupo municipal de CIDEGA deixou de existir. A estes efectos remitiráselles a correspondente liquidación practicada pola Intervención municipal.

3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE ORGANIZACIÓN, RELATIVO Á DATA DE CELEBRACIÓN DAS SEGUINTE DÚAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO DA CORPORACIÓN O Concello Pleno adoptou o seguinte acordo:

1º.-Atrasar a celebración da sesión plenaria ordinaria que normalmente habería de celebrarse o 7 de xaneiro de 2010, ata o 14 de xaneiro de 2010.

2º.-Caso de ser precisa a celebración de sesións plenarias extraordinarias nos meses de decembro e xaneiro, non se devengarán cantidades por asistencia en favor dos Sres. Concelleiros.

4º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, RELATIVO AO APOIO MUNICIPAL AO PROXECTO TUTELADO POLA ASOCIACIÓN CULTURAL: CAMIÑO XACOBEO MIÑOTO RIBEIRO. O Concello Pleno, consonte ao ditame da Comisión Informativa de cultura celebrada o 27.11.09, acorda por unanimidade manifestar o apoio do Concello da Estrada ao proxecto tutelado pola Asociación Cultural: Camiño Xacobeo Miñoto Ribeiro, co fin de presentar ante a Xunta de Galicia non só a documentación histórica precisa, senón facerlle visible tamén, a través deste recoñecemento oficial en pleno, a implicación dos diversos concellos, asociacións, fundacións, historiadores, etc, con fin de presentar diante das dependencias da Xunta de Galicia, a documentación necesaria antes do comezo do novo Xacobeo 2010.

5º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, RELATIVO A COLOCACIÓN NO SALÓN DE PLENOS DE PLACA CONMEMORATIVA DA CORPORACIÓN DEMOCRÁTICA DO 1936. O Concello Pleno, consonte ao ditame da Comisión Informativa de cultura celebrada o 27.11.09, acorda por unanimidade proceder ao cambio de situación da placa que conmemora á corporación democrática de 1936 para ser colocada no Salón de Plenos do Excmo. Concello da Estrada.

Continuando coa sesión, **FÓRA DA ORDE DO DÍA**, o Sr. Alcalde presenta unha moción de urxencia, relativa á imposición dunha taxa por entrada e venda de animais nas instalacións da Semana Verde de Silleda, que xa foi ditaminada pola Comisión Municipal Informativa de Rural celebrada o 01.12.09. Sometida a urxencia a votación, apróbase por unanimidade.

Seguidamente, o Concello Pleno adopta por unanimidade o seguinte acordo:

“Manifestar públicamente o desacordo da Corporación estradense coa imposición abusiva e arbitraria dunha taxa pola entrada de animais e doutra pola venda dos mesmos nas instalacións do mercado da Semana Verde de Silleda, dado que prexudica aos gandeiros que acuden á mesma ao implicar a diminución do valor dos animais; porque, en ningún caso, xustifica os gasots que os gandeiros xeran no funcionamento do mercado do dito evento: manifestación que, nembargantes, non debe interpretarse coma unha oposición a que se aprobe, en legal forma, unha taxa xusta e razoable”

Seguidamente, o **Sr. López Campos**, expón verbalmente unha moción, exposta nos seguintes termos:

O Grupo do PP vén de recoller estes días unha demanda social de maneira repetida e eu creo que o momento de presentada ao Pleno para o seu debate, sobre todo pola urxencia, é hoxe, e xustifico a urxencia en que a moción vai dirixida ao período de exposición pública do PXOM, e como saben todos os presentes, no Pleno anterior, no do mes pasado, a través dun rogo do PP, solicitouse que se incrementase o horario de atención ao público para facilitar aos veciños e veciñas da Estrada as súas consultas ao documentos do Plan Xeral, un documento que é de vital importancia. O Goberno contestou nese momento que se estudarían as fórmulas, pola dificultade de encaixar os horarios pola disposición do persoal funcionario do Concello, pero o que é certo é que non vimos ningún movemento nesa liña, e polo tanto sabemos do problema que están tendo moitos veciños polos horarios incompatibles co seu posto de traballo. Estamos falando de conciliar a vida laboral e familiar e tentando buscar a conciliación dos dereitos fundamentais dos veciños e veciñas da Estrada e polo tanto en aras desa conciliación e tendo en conta que será o último Pleno que celebremos antes da finalización do período de exposición pública que é o 31 de decembro, pois nós traemos unha moción de urxencia para que se tome o acordo de ampliar un mes máis o prazo de exposición pública do PXOM, rematando o devandito prazo o 31 de xaneiro de 2010. Hai que ter en conta que temos no medio un período de vacacións navideñas nas que moita xente poderá disfrutar das súas vacacións e poder consultar máis tranquilamente o documento, e creo que son unhas datas moi boas para que se facilite esa consulta, se facilite a transparencia, e a participación de todos os veciños, para conseguir un documento bo, o mellor documento para A Estrada e para o seu futuro. Polo tanto, presentamos esta moción e solicitamos que se vote a súa urxencia.

Sr. Alcalde: *Ben, por parte do Goberno, consideramos a proposta feita no Pleno anterior, non temos detectadas esas necesidades pola afluencia que está habendo de cidadáns á exposición pública do PXOM; en calquera caso, estamos á expectativa de que se vísemos que o dispositivo que está funcionando neste momento se vise desbordado, trataríamos na última semana ou dez días, montar este operativo polas tardes, e xa digo que a día de hoxe non temos demostrado que sexa necesario este cambio, evidentemente imos votar en contra da urxencia.*

Sometido a urxencia a votación, prodúcense doce votos en contra (PSdeG – PSOE e BNG) e nove a favor (PP e Sres. Reboredo Baños e Torres Álvarez), polo que se rexeita a urxencia da moción.

B) PARTE DE CONTROL E XESTIÓN.-

6º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO MES DE OUTUBRO DE 2009. Polo Alcalde-Presidente dáse conta ao Concello Pleno das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre os números 1147 e 1317 correspondentes ao mes de outubro de 2009.

O Pleno queda sabedor.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS:

Sra. Goldar Soto do PP: *Boas noites. Na acta da Xunta de Goberno Local do 16 de novembro, no punto 17º da Orde do Día, aprobouse o gasto de 35.000 € en concepto de subvención nominativa a favor da Asociación Festas Estrada San Paio 2009, onde se di que se xunta documentación xustificativa do emprego da cantidade recoñecida ao seu favor. A nosa pregunta é, se fiscalizaron que os cartos se destinasen aos acredores que teñen esa asociación de festas. Esa é unha pregunta, e tamén que documentación acreditativa presentaron para esa subvención e se presentaron facturas ou outro tipo de documentación que xustifícase cales son os seus acredores e a onde irían destinados eses cartos.*

Sr. Alcalde: *Contesterémoslle por escrito.*

Sra. Goldar Soto do PP: *Teño outra pregunta. Ante a petición cursada no Pleno do cinco do once, de que se xestionase unha das partidas do FEIL para acometer unha das obras de acondicionamento dun local para por en servizo esta unide de atención temperá, a pregunta é se se fixo algunha xestión.*

Sr. Alcalde: *Contesterémoslle por escrito.*

Sra. Goldar Soto do PP: *Entón, procedo ao seguinte rogo, que se proceda ao confeccionamento dun proxecto, antes de que se poida presentar antes de finais do mes de xaneiro, que é cando se remata o prazo para presentación das obras do FEIL, de acondicionamento dun local duns 150 m2 aproximadamente, en solares de titularidade municipal, propoñendo a súa ubicación na Praza de Abastos, Estación de Autobuses, Edificio de Usos Múltiples, na Avda de Santiago, pois xunto o ambulatorio hai un solar de titularidade municipal e entendemos que esa sería a ubicación máis idónea, e entendemos que esa sería a ubicación máis idónea, pola proximidade do ambulatorio, e tendo en conta que debe ter unha accesibilidade de tipo integral, carecendo de barreiras arquitectónicas, e de deberá estar separado doutros servizos no caso de atoparse compartindo este local con outras administracións ou outros servizos que se dean neste local. Xa para darlle instrucións na hora de confeccionar o proxecto, as condicións de deseño e dotacionais, teñen que permitir con carriños e cadeiras de nenos, a sala ou salas de atención aos nenos deben ter un ambiente tranquilo, con chan cálido, con superficies antideslizantes e de doada limpeza, e contar cun plan de prevención de incendios. Para maior información, as dimensións mínimas das salas e despachos serán: na sala de psicomotricidade e fisioterapia, que se poden agrupar nunha perfectamente, 25 m2; sala de logopedia, 12 m2 e sala de observación e reunión, que tamén se agruparía nunha, 12 m2. ademais deberá dispor dunha entrada ou vestíbulo, unha zona de agarda e un lugar de almacenamento para equipamentos ou materiais, que non precisa de ningunha dimensión e un baño.*

Sr. Alcalde: *Ben, a este respecto, quérolle dicir que evidentemente, todo iso nos parece ben, que vostede faga ese rogo, pero non nos poñeremos en marcha con ese tema se non recibimos por parte da Xunta de Galicia a correspondente solicitude para compromiso da Xunta de Galicia de poñer en marcha este centro, e condicións que o Concello ha dispoñer para tal fin.*

Sra. Goldar Soto do PP: *Ben, podo intervir novamente?, permítame?.*

Sr. Alcalde: *Isto non é un debate.*

Sra. Goldar Soto do PP: *Non, era para pregunta, como vostede me responde á pregunta, xurdíume outra pregunta máis a cerca dese tema. Ben, entón se non lle entendín mal, se me permite coller notas, necesita vostede unha confirmación.*

Sr. Alcalde: *O procedemento habitual é que cando a Xunta de Galicia quere crear un xulgado na Estrada, por exemplo, o normal é remitir un acordo ao Concello correspondente, solicitando do Concello os terreos necesarios para facer un xulgado, para facer un centro de saúde, ou para facer calquera outro tipo de infraestrutura. Evidentemente, o que non pode facer o Concello é facer un investimento de cen mil euros nun local, e que despois iso non sirva para nada. Polo tanto, entendo que é o procedemento normal e habitual nas administracións, que se realmente se quere poñer o servizo en marcha, se lle faga coñecedor oficialmente ao Goberno Local correspondente e se lle solicite exactamente en que deben consistir as instalacións necesarias.*

Sra. Goldar Soto do PP: *Ben, paréceme lóxico e natural, pero o rogo segue existindo. Non podemos ir adiantando, por que ao mellor. Eu dígolle soamente por unha cuestión. Vostede imaxínese que si recibe esta confirmación na próxima semana, como non imos ter Pleno, non se sabe se ata xaneiro ou non, depende, que reciba confirmación a semana que vén ou non, non lle podo dar unha data. Vostede non pode ou digo, e sigo mantendo o rogo, de ir confeccionando, ou que se confeccione o proxecto ou ir estudando o tema cos arquitectos para o confeccionamento dun proxecto, ou ver a dispoñibilidade cando menos que hai dos terreos.*

Sr. Alcalde: *Ben, eu o que lle repito outra vez é que nós estudemos iso, pero que non imos dar un paso mentres non teñamos unha resolución en firme ao respecto, pois.*

Sra. Goldar Soto do PP: *Ben, rogo contedor de vidro para o lugar de Campos. Tivemos coñecemento que por un decreto, o número 1301, gastáronse 10.571,38 € e mercáronse contedores para medio ambiente, que están ben. Fagan un esforzo e merquen por favor, un contedor de vidro para o lugar de Campos.*

Sr. Otero Espiño, do PSOE: *Vostede o dixo ben, gastáronse eses cartos e con iso comprabamos cinco contedores de vidro. Os contedores de vidro, quen os subministra é Ecovidro, e con eses démoslle subministro a todos cidadáns, a todas as solicitudes de colectores verdes e amarelos. Evidentemente, os de vidro, colócanse con criterios racionais, dado a escasa cantidade de subministros que nos levan achegado. Cando teñamos os criterios de prioridades de onde se xenera vidro, darase resposta satisfactoria a todas esas demandas.*

Sra. Goldar Soto, do PP: *Rogo, demanda Campos un contedor de vidro, se quere comprobalo, ou non se fía desta concelleira, vaia ao lugar de Campos, comprobe as necesidades, os requisitos ou a demanda veciñal. Rogo novamente.*

Sr. López Campos do PP: *Eu quería facer tamén unha serie de preguntas, a primeira, como non pode ser doutra forma, tamén relacionada co PXOM, xa que vostedes se pechan en banda, a facer algo que dende logo recibimos moitas críticas en épocas anteriores, cando tiñamos responsabilidades de goberno, pero si é certo que ante a posición da oposición para ampliar o período de exposición pública, o PP e moitos dos que estamos aquí que fomos membros da Corporación anterior, accederon no seu momento a facer unha ampliación a petición da oposición e sen ter en conta se había excesiva demanda ou non ou se o servizo estaba colapsado ou non, simplemente entendemos que era o que debiamos de facer, e entendemos que a administración debe estar ao servizo da xente da Estrada e darlle todas as posibilidades posibles. Está claro que desculpas de mal pagador hainas sempre, pero eu creo que isto mostra a actitude de compromiso, ou a falla de compromiso que ten o actual Goberno, xa o fixo dende o principio, que non deu transparencia, e despois pretenderán ademais que os demais asumamos a nosa parte de*

responsabilidade, eu creo que están cavando vostedes a súa propia tumba, e me parece que deberían cambiar de actitude en aras do interese xeral, pero a miña pregunta é se en relación a este tema, Sr Alcalde é vostede coñecedor dun escrito que presentaron hoxe un bo número de asociacións que representan a un bo número da poboación rural, solicitando precisamente o que acaba de solicitar o PP, de ampliar o prazo de exposición ao público dun mes do PXOM.

Sr. Alcalde: *Estou ao tanto, e efectivamente, coincide plenamente o escrito das asociacións co que acaba de expoñer o PP, e como vostede sabe, o período de exposición sería un mes, e en principio dous meses sería suficiente. Como xa lle dixen antes, tampouco nós non temos detectado a día de hoxe, pois que non está desbordado o operativo nin moito menos, esa necesidade, polo tanto, entendo que a non ser que se xustifique como lle dicía antes, nos próximos días a necesidade de tomar unha medida neste sentido, non lle vexo sentido a esa solicitude.*

Sr. Alcalde: *Que non lle vexa sentido ou necesidade, non quere dicir que non o teña, tampouco llo ve a outras cousas que si o teñen. Dende logo non creo que teña que ser vostede o que teña que xulgar o sentido ou non das cousas, o que está claro é que hai unha demanda e eu creo que nestes pequenos xestos se demostra a capacidade de diálogo ou de negociación do Goberno, está claro que algúns din e fan xustamente o contrario do que din. E é nesas pequenas mostras, nas que eu lle quero recordar que ten vostede sentado á súa dereita a un dos adalides da defensa da participación, da transparencia, das fotocopiadoras, das impresoras neste período de alegacións, e neste momento, sabendo cal era o papel que estaba desempeñando o seu compañeiro de partido, incluso o PP accedeu a ampliar ese período de exposición. Falta vostede á verdade cando di que a lei fixa o prazo dun mes; a lei fixa o prazo mínimo dun mes para exposición pública e mínimo de dous meses para a exposición ambiental, polo tanto vostedes, como tiñan que expoñer a avaliación ambiental dous meses, non lles quedou máis remedio que expoñer o PXOM tamén, era o lóxico e inevitable, o que tiñan que facer. O que se está pedindo é que.*

Sr. Alcalde: *Ben, mire, estamos entrando en debate e non é esta unha moción de urxencia, se me está rebatendo o que digo eu, pero ten que preguntar, pois se non vou ter que retirarlle a palabra.*

Sr. López Campos do PP: *Non, pero mire, eu para preguntar primeiro necesito argumentar, senón parece que as preguntas están descontextualizadas, entón estou argumentando para facer a pregunta. Eu o que lle quero preguntar é se é vostede coñecedor do acordo que tomou a anterior Corporación Municipal na tramitación do anterior Plan Xeral para ampliar o período de exposición pública a un mes máis, sen ter coñecemento de que había demanda, sen ter coñecemento de que os veciños non tivesen interese en consultar o documento, pois ao mellor esa falta de afluencia pode ser debido a que os horarios de atención ao público tampouco se axustan á realidade do horario das persoas da Estrada, e polo tanto iso supón un problema importante. Cando nós o expuxemos no anterior Pleno, foi por ese motivo, por que se nos traslada que moita xente ten que deixar de traballar para poder vir consultar o Plan Xeral, o que realmente é complicado. Aproveitando ese período estival, ese período de vacacións navideñas, eu creo que sería un bo xesto por parte do Goberno. Polo tanto, pregúntolle se é vostede coñecedor daquel acordo tomado pola anterior Corporación Municipal onde o Goberno do PP acordou ampliar o período de exposición pública a petición da oposición e sen ter que xustificar a necesidade nese prazo.*

Sr. Alcalde: *Contesterémoslle por escrito.*

Non habendo máis intervencións levántase a sesión ás vinte e unha horas e quince minutos

A Estrada, 3 de decembro de 2009
O secretario

Asdo.: José Naveira González